

MPN

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2023 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO NA APLICACIÓN CORRESPONDENTE A CONVENIOS, 23/942.9420.762.14 A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) ANUALIDADE 2023.

En data 14/08/2020 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro da Deputación Provincial a correspondente solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE SALCEDO, cun orzamento de 1.621.644,44€, IVE engadido, a financiar integramente pola Deputación no exercicio 2020 (aplicación orzamentaria 2020/942.9420.762.14).

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 27/11/2020, mediante o acordo núm. 3.29606, aprobou dito convenio, procedéndose á súa sinatura entre ambas administracións o 10/12/2020.

O 07/02/2023 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro de Deputación (núm. Rexistro WEB2023006803) un escrito solicitando a reunión da Comisión de Seguimento do convenio, segundo o procedemento establecido na cláusula 8ª do convenio.

En data 10/02/2023 a Comisión de Seguimento acorda resolver dito convenio, tal e como se recolle na acta da súa sesión (CSV: 9QFOK2A515YFOP9A).

En data 17/03/2023 por acordo de X.G. núm. 3.32440 acordase a aprobación de dita resolución do convenio.



Polo tanto, ao quedar crédito dispoñible da anualidade 2020 orixinario do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución do campo de fútbol de Salcedo (Expte. 2020049220), ao non haberse executado o investimento e haberse resolto o convenio por acordo das partes, debe tramitarse un suplemento de crédito na aplicación 2023/942.9420.762.14 A CONCELLOS-INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) por importe de 1.621.644,44 € procedente da 2023/942.9420.762.14.2020.

2.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA DOTAR Á APLICACIÓN 23/942.4332.489.10 O GASTO RELATIVO A CELEBRACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRENDEDORES (TIC e TIC) MEDIANTE TRANSFERENCIA A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO COOPERACIÓN.

Existen necesidades sociais e carencias económicas na provincia de Pontevedra nas que se pretende incidir mediante accións de dinamización e formación promovendo o emprendemento no ámbito do sector TIC. Así, a Deputación de Pontevedra está interesada en colaborar no fomento da cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais.

Para o financiamento desta actividade, que ten como obxecto a celebración dun evento que consiste en fomentar o desenvolvemento en Galicia de proxectos no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación estímase adecuada unha dotación económica de 15.000,00 € por parte da Deputación de Pontevedra. Non obstante, nestes momentos non existe dotación económica nin aplicación orzamentaria específicas para esta actividade.

A aplicación orzamentaria idónea para imputar este gasto é a 2023/942.4332.489.10, e se tramitaría como unha subvención nominativa a favor da Asociación Galega de Emprendedores (TIC E TIC) NIF G-70.359.310, habilitando crédito procedente da aplicación 2023/942.9420.226.99 GASTOS DIVERSOS-OUTROS_COOPERACIÓN

3.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA DOTAR DO CRÉDITO NECESARIO O PROGRAMA DE SUBVENCIONS TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

A Deputación de Pontevedra, para facer fronte a novas liñas de investimento e actuacións, formula a necesidade de crear os seguintes programas de axudas:



- Turismo deportivo sostible.- Co obxectivo de fomentar o sector do deporte en instalacións deportivas, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en liña co Compoñente 26, Investimento 2, Fomento do sector do deporte, prevé a activación dunha liña de axudas especificamente destinadas ao fomento do turismo deportivo sostible, dotado con algo máis de 36.185.000,00 millóns de euros cos obxectivos de aumentar o potencial de atracción de turismo nacional e internacional, incrementar a actividade económica sostible e o emprego, preferentemente, en zonas rurais, de menor densidade de poboación ou que están sendo abandonadas, mellora de infraestruturas e espazos deportivos e proxectos singulares.

Así pois, este programa terá por obxecto a concesión de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para afrontar os traballos de preparación da documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal nas próximas convocatorias de subvencións con fondos Next Generation UE para fomentar o turismo deportivo sostible.

O financiamento deste programa ascende a un total de douscentos noventa e cinco mil euros (295.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2023, que se deberán imputar contra a aplicación orzamentaria 2023/942.3410.762.99.

Polo antedito solicítolle a tramitación dun expediente de creación de crédito extraordinario por 295.000,00€ na aplicación 2023/942.3410.762.99. Expediente que se financiará coa baixa do crédito na aplicación 2023/942.9420.762.99.22.

Visto que non existe crédito previsto inicialmente para este programa, e considerándose necesario e conveniente acudir a un crédito extraordinario para permitir que as especiais circunstancias que dan orixe a este programa poida ter unha resposta adecuada e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

Visto o artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario.



4.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DE VARIAS ACTUACIÓN DO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA CON CARGO AO IMPORTE SOBRANTE DO CONVENIO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO - E.P. 9803

O 16 de xullo de 2021 asinouse un convenio co concello da Illa de Arousa para a execución do proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803, contra a aplicación 2023/456.4530.612.02.2021.

Non obstante, a consecuencia da obtención dunha subvención do IDAE para a mesma finalidade redúcense as achegas económicas do concello imputables ó dito convenio, resultando un importe sobrance de 244.248,29 € que o concello poderá destinar a outras finalidades mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023, segundo se especifica no propio convenio.

Polo tanto, de acordo co anterior, o Concello da Illa de Arousa solicita destinar o importe sobrance ás seguintes actuacións:

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA			
Solicitudes para a aplicación do importe sobrance			
WEB2023013407	01/03/2023	MELLORA NO CAMIÑO DE ACCESO Á AREA DE SECADA, NO ENTORNO DO MONTE E DO SANTO	48.097,50 €
WEB2023013416	01/03/2023	MELLORA DA RODADURA EN TRAVESÍA AVDA DA PONTE, BARNAL DOS LAGOS, BARNAL E SALGUEIRAL	48.012,80 €
WEB2023013425	01/03/2023	RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NA RÚA CHARCO	48.375,65 €
WEB2023018007	17/03/2023	REPOSICIÓN DE SOLADO DA TRAVESÍA DAS HEDRAS E PORTIÑO	30.758,20 €
WEB2023018165	17/03/2023	LIQUIDACIÓN NA ADDENDA DO CONVENIO DA AVDA. CASTELAO	69.004,14 €
TOTAL SOLICITADO			244.248,29 €

En consecuencia, debe tramitarse o correspondente expediente de crédito extraordinario na aplicación 23/942.9420.762.25 que recollerá a subvención nominativa ao Concello da Illa de Arousa polo importe e as actuacións descritas.



CONCLUSIÓNS:

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2023, determínase a necesidade de:

1. Liberar a cantidade de 1.621.644,44 € (aplicación orzamentaria 202/942.9420.762.14.2020) para facer un suplemento de crédito na partida 2023/942.9420.762.14 A CONCELLOS - INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO - PONTEVEDRA).
2. Incoar un expediente de modificación de crédito para habilitar, como subvención nominativa a favor da Asociación Galega de Emprendedores (TIC E TIC) NIF. G-70.359.310, na aplicación 2023/942.4332.489.10 A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO_COOPERACIÓN o crédito (15.000,00 €) procedente da aplicación 2023/942.9420.226.99 GASTOS DIVERSOS-OUTROS_COOPERACIÓN, para poder levar a cabo o convenio de promoción do emprendemento no ámbito do sector TIC.
3. Incoar un expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario) para dotar do crédito necesario (295.000,00€) á aplicación 2023/942.3410.762.99 procedente da aplicación 2023/942.9420.762.99.22 ó programa Turismo deportivo sostible.
4. Incoar un expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario) para habilitar como subvención nominativa a favor do Concello da Illa de Arousa na aplicación 2023/942.9420.762.25 o crédito sobrante procedente do convenio indicado nos antecedentes para destinar ó financiamento das actuacións descritas.

Na vixente anualidade, do xeito indicado a continuación:

	Aplicación	Denominación	Importe. Suplemento de crédito
1	Minórase a aplicación 23/942.9420.762.14.2020 Para incrementar a 23/942.9420.762.14	A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA)	1.621.644,44 €
	Aplicación	Denominación	Importe do crédito extraordinario



2	Minórase a aplicación 23/942.9420.226.99 Para incrementar a 23/942.4332.489.10	ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRENDEDORES (TIC e TIC)	15.000,00 €
3	Minórase a aplicación 2023/942.9420.762.99.22 Para incrementar a 2023/942.3410.762.99	A CONCELLOS - PROGRAMA: Turismo deportivo sostible	295.000,00€
4	Para incrementar a 23/942.9420.762.25	SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	244.248,29 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Conforme:

A Xefa do Servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente)

Marina Piñeiro Novo

O deputado delegado da Área de Cooperación

(documento asinado electronicamente)

Santos Héctor Rodríguez Díaz

(documento asinado electronicamente)

INTERVENCIÓN



ASUNTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO. PROMOCIÓN DO EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
TRÁMITE	INFORME-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

ANTECEDENTES

Dende hai varios anos, a Deputación de Pontevedra vén realizando actividades ao amparo da iniciativa de *coworking* no viveiro de empresas propio do polígono empresarial de Barro-Meis mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Escola de Organización Industrial EOI – FSP.

O órgano xestor do dito viveiro é o servizo de Cooperación polo que se iniciou a tramitación do convenio por parte do dito servizo. Non obstante, o ámbito de actuación do actual convenio abarca os municipios de Silleda, Vigo e Tui nos que non existen viveiros propios, polo que procede que o órgano xestor sexa o Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra.

Para a financiación das actividades comprendidas no citado convenio é necesaria a cantidade de 29.889,80 € por parte da Deputación de Pontevedra que se cargan contra a vinculación da aplicación orzamentaria 23/240.2410.226.06 do vixente orzamento de gastos da Deputación de Pontevedra.

Isto provoca que se reduza moi considerablemente o crédito nesta aplicación e se xere unha necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos xa previstos (proxecto DepoEmprende) que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e, non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, infórmase que é necesario realizar suplemento de crédito na aplicación orzamentaria que se detalla na seguinte táboa co importe que se sinala:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA QUE SE INCREMENTA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
23/240.2410.226.06	Reunións, conferencias e cursos, F. Emprego	29.889,80 €

En consecuencia, PROPONSE a realización da modificación de crédito descrita e, en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, e seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, SOLICÍTASE que emita informe e se lle dea trámite, no seu caso, a esta proposta realizando este incremento con cargo ás baixas de créditos do servizo de Cooperación e/ou da maneira que Intervención mellor provea.

Asinado dixitalmente en Pontevedra na data que figura á marxe.

INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS). –



LMA/aa

Expediente	2023017573
Asunto	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO E ANEXO II BASES DE ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023
Trámite	PROPOSTA DO SERVIZO DE IGUALDADE

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de novembro de 2022, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2023, publicado no BOPPO nº 238 de 15 de decembro de 2022.

No Anexo II das Bases de Execución do orzamento, figuran como subvencións nominativas con cargo a este servizo xestor e á aplicación orzamentaria 23/250.2315. 480.01 *Entidades sen fins de lucro. fomento da igualdade de oportunidades e loita contra a violencia de xénero*, unha axuda á entidade **Asoc. O Soño de Lilith (G94133907)** cunha subvención por importe de 7.260 € para realización dunha actividade de fomento da igualdade e loita contra a violencia de xénero.

Dado que queren levar a cabo unha actividade innovadora e, cunha importante repercusión na provincia coa realización de diversas actividades, todas elas relacionadas coa creación artística das mulleres, na que visibilicen a problemática da desigualdade e as múltiples facianas da violencia machista; quérese aumentar esta axuda económica, por un importe total de 15.000,00 euros.

Para afrontar esta modificación de crédito, non existe consignación suficiente na aplicación nin na vinculación correspondente, polo que é preciso minorar crédito. Esta minorización por importe de 7.740 € realizase da aplicación 23/250.2315.227.07 *Traballos r. por outras empresas. Proxectos de promoción da Igualdade*.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada e o Anexo II-Subvenciones Nominativas do Servizo de Igualdade da aplicación orzamentaria 23/250.2315. 480.01, relativo a subvención nominativa da entidade **Asoc. O Soño de Lilith (G94133907)** por importe de **15.000 €** para realizar a actividade que se denomina **FESTIVALA: Mulleres Creando**.

Asinado dixitalmente na marxe

